

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	ABEGONDO
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Tirso de Mabegondo
<b>Dirección</b>	Rúa da Igrexa, 45. 15318
	43.241914 -8.277158
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Igrexa de estilo barroco, posúe unha planta en cruz, cunha soa nave, destacando que o brazo transversal da cruz sitúase case no medio da nave principal. Os muros son de carga e, interiormente, móstranse revocados e pintados de branco, con excepción de arcos e zócalo que bordea o espazo interior da nave. Tamén se emprega cantería á vista para defini-las esquinas e enmarca-los ocos. A cuberta é a dúas e tres augas, con cubrición de tella curva do país.</p> <p>Interiormente, tres arcos de medio punto, situados no cruceiro, delimitan os espazos das dúas capelas laterais e o presbiterio. Estes presentan, xunto co da nave principal, unha estrutura aérea abovedada, levada a cabo en madeira. O coro alto tamén está realizado en madeira.</p> <p>No exterior, a decoración concéntrase na fachada, de cantería á vista. Esta presenta unha composición simétrica de proporcións case cadradas, o que a diferencia do conxunto arquitectónico de carácter relixioso desta zona. A porta principal posúe un lintel moldurado con decoración de orelleiras, e sobre ela unha pequena xanela, que mostra a mesma decoración ca da porta. O cadrado péchase na cornixa, da que parte unha balaustrada de pedra que se interrompe na súa parte central para dar paso a unha esvelta espadana de dous corpos que presenta unha leve decoración de aplacados na súa parte alta e un remate en pináculos. O cemiterio está dentro do recinto do adro.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	12-10-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<a href="#"><u>Menor.</u></a>	<a href="#"><u>HONTAÑÓN HAZA, PEDRO</u></a> <a href="#"><u>(1795-1876)</u></a>	1843	57	107
Espadana	<a href="#"><u>Maior.</u></a>	<a href="#"><u>HONTAÑÓN HAZA, PEDRO</u></a> <a href="#"><u>(1795-1876)</u></a>	1843	68	182

Información completa: [Igrexa de San Tirso de Mabegondo - ABEGONDO \(GALICIA\)](#)

PDF (20-05-2026)